



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 29 DE MARZO DE 2017.

Concelleiros asistentes:

D. Manuel González López
D. Julián Ramón Seijas Criado.
D^a. Esperanza Gayoso Pereiro.
D. Javier Fernández Brage
D. Delfín Feal Pereira.
D. Carlos Ladra Brage
D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro
D. Iago Varela Martínez.
D^a. María Eva García Amor
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinte e nove de marzo de dous mil dezasete, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde Germán Castrillón Permy, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario titular Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta da acta da sesión realizada o día 30 de novembro de 2016, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con dez votos a favor e abstención do concelleiro Carlos Ladra Brage por non asistir a sesión, acorda aproba-la referida acta.

2.- ÓRGANOS COLEXIADOS COMPLEMENTARIOS E ASISTENCIAS PERCIBIDAS. PROPOSTA CONCELEIRO DE PDDdG. Vista a proposta do concelleiro de PDDdG sobre órganos colexiados non previstos na Lei de Bases de Réxime Local e as asistencias deles percibidas, na cal alude aos órganos colexiados segundo o disposto no artigo 20 da LBRL, a carencia de Regulamento Orgánico e que a Corporación de Cabanas aprobou en xullo de 2011 e xullo de 2015 xuntas non previstas na lei que o Pleno debería revisar e axustar á normativa, indica que a Xunta de Delegados custoulle á veciñanza en 2016 arredor de 30.000 € sen cotizar a S.S. e solo gravada por IRPF, ademais non teñen funcións, solo serve para cobrar sen declarar que teñen salario. En xullo de 2015 propuxo que non se cobrase por Xunta de Delegados, Xunta de voceiros e órganos externos, sen embargo a proposta foi tumbada, fai referencia ao establecido no artigo 75 da LBRL e propón ao Pleno o seguinte acordo:

Abrir expediente de revisión dos acordos sobre órganos colexiados e asistencias de xullo de 2015 e nomear instrutor ao secretario da Corporación.

Regular os órganos colexiados de acordo coa lei.

Suprimir as asistencias a Xunta de Delegados, órganos externos e Xunta de Voceiros e modificar en consecuencia a base de execución correspondente do orzamento en vigor.

Instar a que se reintegren as asistencias a Xunta de Delegados, Xunta de Voceiros e órganos externos percibidas indebidamente desde o prazo legal de non prescrición.

Visto o ditame desfavorable da Comisión de Asuntos do Pleno de data 23 de marzo de 2017.



CONCELLO DE CABANAS

Visto o voto particular presentado polo concelleiro de PDDdG no grupo Mixto Xosé Manuel Pérez Sardiña, co cal achega copia de peticións de información, e insiste na necesidade de revisar os acordos de 2011 e 2015, así como de 2007, citando sentenzas do TS 763/1999 do 8 de febreiro, e 9152/2000 do 13 de decembro, cita o disposto no artigo 75.3 da LBRL e alude tamén aos formularios de asistencia a Xunta de Delegados entregados despois da Comisión de Asuntos do Pleno, sen asistencia de funcionario público, falta de firma da Alcaldía, sen orde do día e convocatoria, e por elo formula a seguinte proposta de acordo:

Abrir expediente singulares de revisión dos acordos sobre órganos colexiados e asistencias para xullo de 2015, para xullo de 2011 e para xullo de 2007 e nomear instrutor dos tres expedientes ao secretario da Corporación.

Regular os órganos colexiados de acordo coa lei.

Suprimir as asistencias a Xunta de Delegados, órganos externos e Xunta de Voceiros e modificar en consecuencia a base de execución correspondente do orzamento en vigor.

Instar a que se reintegren voluntariamente as asistencias a Xunta de Delegados, Xunta de Voceiros e órganos externos percibidas indebidamente desde o prazo legal de non prescrición.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira considera que é un punto transversal a organización do Concello, fala das negociacións realizadas polo grupo socialista para formar goberno despois das eleccións e a organización que pretendía na cal se incluía a existencia de Xunta de Goberno Local e outros órganos, no descanso da sesión substituíuse pola existencia da Comisión de obras, servizos, urbanismo e emprego que tamén propoñían, comisión que aceptaron inda que tamén aceptarían a XGL, entende que esta proposta ven polos cambios de finais do ano pasado, o grupo de goberno está en minoría e busca maior estabilidade e a voceira de AEC entra no goberno; cando se fala do concello de Valga entende que non é semellante, nas reunións de voceiros no tema de contías nunca se entrou en profundidade, as actuacións de concelleiros tanto de goberno como oposición necesitan asignacións e se podería facer un estudo, a Xunta de Delegados é un órgano interesante, si fose alcalde a crearía, quen ten que explicar o cambio de postura é a concelleira de AEC, podíase facer estudo que clarifique o asunto, logo os puntos 3 e 4 sería consecuencia do que resultase dos puntos 1 e 2, si o debate é a contía que se baixe a todos.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez opina que o tema polo que xa preguntaron sen ter resposta, é gravísimo, hai proceso xudicial no concello de Valga e haber que pasa, alégrase que a súa labor de control inspire tamén propostas doutros grupos, están de acordo co que se pide na moción e non debería existir ese órgano, a moción non pode obrigar aos membros do goberno formado por PP e AEC porque non se cita a AEC e cobra asistencias a Xunta de Delegados a pesar que no pleno de organización votou en contra, para obrigar a devolución das contías cobradas ten que haber sentenza xudicial, a moción solo expresa unha vontade do pleno.

A concelleira de AEC María Eva García Amor non entende a posta en tela de xuízo despois dos anos de vixencia de órganos colexiados aprobados por maioría no pleno de xullo de 2015, si hai que revisalos cada pouco é que non se quere respectar as decisións democráticas da maioría, desde AEC tampouco se vía ben a creación de varias destas comisións pero aceptouse a decisión maioritaria do pleno, o cidadán non ten confianza nas institucións e nos políticos en xeral moitas



CONCELLO DE CABANAS

veces con razón polas actuacións duns poucos que meten a todos no mesmo saco, non entende que a proposta se realice a estas alturas nin o motivo porque non se propuxo antes.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña indica que a situación quedou clara despois de expoñer o voto particular, en xullo de 2015 PP e PSOE aprobaron un saco sen fondo do que se tiran soldos encubertos que non cotizan a Seguridade Social, aprobaron xuntas sen informe xurídico, solicitou informe de Secretaría que non sería necesario se fosen responsables e rectificasen, hai un fraude de lei e aquí bloquean os informes, convidar na comisión de Asuntos do Pleno a ir vía xudicial é un insulto a proposta de solución pola vía política, o PP introduciu en 2007 unha Xunta de delegados á marxe da lei pero foi a partir de 2011 cando se converteu en contía maior xusto cando a xente comezaba a pasalo mal pola crise, soben os impostos para cobrar sobresoldos; non existe regulación da Xunta de delegados, non se sabe o que acontece, non hai actas nin funcionario que certifique, nin sequera sito de celebración, votaron en contra da súa creación e considera que non hai diferenza coa situación no concello de Valga, só que alí cobran 60 euros e aquí 150 e hai nove concelleiros imputados por prevaricación.

Polo grupo Popular: a concelleira Esperanza Gayoso Pereiro sinala que a organización municipal réxese polo artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, normativa básica estatal, regulación autonómica sobre réxime local, regulamento orgánico municipal e regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a xunta de delegados inda que non apareza configurada de forma expresa como órgano necesario complementario nada impide que os concelleiros con delegacións se reúnan a efectos de coordinar as súas competencias, este órgano é posible segundo o artigo 132 do ROF ó cal da lectura, tamén alude ao artigo 75 da Lei 7/1985 e a continuación da lectura ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 9 de xullo de 2015 sobre a creación de órganos complementarios, indicando que na mesma sesión se aprobou a contía das asistencias a órganos colexiados, que figuran tamén nas bases de execución do orzamento.

O Sr. Feal Pereira reitera que está de acordo coa acta do pleno organizativo porque así o ía a facer no caso de gobernar, están de acordo co 1º e 2º punto da moción, si hai que facer un novo estudo de organización pode facerse pero non solo desta comisión, hai que facelo en profundidade, volve a facer referencia ao asunto no concello de Valga, en Cabanas non hai saco sen fondo, están abertos ao debate e ao mellor hai que pedir responsabilidades a outras persoas pero non ao grupo socialista, alude de novo as negociacións para formar goberno despois das eleccións, finalmente opina que se está a entrar en demagogia dando a sensación de que cobran por non facer nada, o mellor hai que reformular as contías.

O Sr. Varela Martínez considera que moitas cousas expostas aquí teñen que ver co proceso que está no xulgado e cuxo resultado se descoñece, e que non se traslada directamente a Cabanas, por iso decide agardar a evolución, é conveniente informe de Secretaría e reitera a pregunta feita no pleno de xaneiro, non está seguro de que sexan legais ou ilegais, vostedes PP e AEC como gobernantes deben asegurarse que non se está a cometer ilegalidade, este tema está relacionado co modelo de concello que defenden os grupos maioritarios, alude ao soldo do alcalde e a postura do BNG foi de dedicación ao 100%, máis órganos de participación e menos de goberno.

A Sra. García Amor quere deixar claro que non é solo a xunta de delegados, tamén está a xunta de voceiros da que non fala a oposición e da que forman parte, nin lle consta que devolveran voluntariamente nin un euro, alude tamén a que en Valga estes órganos non foron creados polo



Pleno, eran xuntanzas sen respaldo legal; en canto a negociacións para formar goberno AEC non vía conxunción dos catro grupos da oposición e iso quedou claro en varios plenos a hora de facer oposición, en ano e medio non foron capaces de propoñer nada en común.

O Sr. Pérez Sardiña di que falan de Valga como si coñeceran o caso, fai mención a documentación que presentou coa moción e as solicitudes de información, non hai convocatoria nin informe xurídico, as propostas no pleno de organización foron presentadas no momento e non puideron ser informadas, a responsabilidade é política, os órganos dos que falan vostedes son os alcaldes de barrio, aparte que tería que haber regulamento orgánico, pide buscar unha solución política sen demagoxias, que se emita informa e se eliminen estas sobressoldos, non quere titulares por ter o grupo de goberno imputado, tende a man para resolver este fraude da xunta de delegados.

A Sra. Gayoso Pereiro manifesta que non vai entrar en acusacións vertidas aquí, nin en mentiras, nin en manipulacións, e da lectura a un informe xurídico no cal despois de analizar os puntos conclúe “polo tanto non concorre causa de nulidade de pleno dereito pois o acordo de creación destes órganos foi adoptado polo pleno do Concello en exercicio das súas competencias que lle permite crear órganos desconcentrados e descentralizados para a xestión de servizos, polo que non procede iniciar procedemento de revisión de oficio solicitada polo voceiro do grupo mixto”, por elo votarán en contra da moción presentada.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con dous votos a favor do concelleiro do BNG e concelleiro de PDDdG, seis en contra dos membro do grupo Popular e concelleira de AEC, e tres abstencións dos membros do grupo Socialista, acorda rexeitar o voto particular e a proposta presentada polo concelleiro de PDDdG.

3.- MEDIDAS ANTE A FIN DA BONIFICACIÓN DO IBI A AUTOESTRADAS. PROPOSTA CONCELEIRO BNG. Iniciada a lectura da proposta polo concelleiro do BNG sobre medidas ante a fin da bonificación do IBI a autoestradas, o Sr. Presidente indícalle que está a ler algo que non está na moción, ordenándolle que se limite a ler o que está na moción, logo na quenda de intervención poderá facer a exposición que desexe; a continuación prodúcese un debate entre o concelleiro que reclama o dereito a defender as proposta e a Presidencia que ordena ler a proposta nos termos presentada, sen prexuízo que nas intervencións posteriores faga a exposición que estime oportuna, chegando a retirarlle a palabra, e formularlle a segunda advertencia durante esta discusión; finalmente da solo lectura a proposta de acordos a adoptar.

En dita proposta faise referencia na exposición de motivos as vantaxes fiscais e administrativas das autoestradas, entre elas que solo teñan que pagar o 5% do IBI, e que durante 2017 remata a vixencia da bonificación para a AP-9, poñéndose en dúbida estes días nos medios de comunicación esta interpretación en tramos excluídos entre os que podería estar o tramo entre a peaxe de Vilar do Colo e o límite con Fene.

Por elo propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. O concello de Cabanas esixe que a concesionaria da AP-9 pague o IBI sen bonificación d totalidade do tramo da AP-9 que atravesa o Concello.

2. O concello de Cabanas empregará, agora e no futuro, o máximo tipo impositivo posíbel (na actualidade o 1,3%) para gravar o IBI da AP-9.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:



Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira indica que despois de tratar o asunto na comisión, lévase tempo pedindo a autonomía sobre a AP-9 desde Galicia, hai varios intentos, acábase a bonificación e xa houbo outros intentos no pasado de cobrar pero non se puido por esa bonificación, xa está todo preparado para cando cese a bonificación, polo tanto nada que engadir.

Polo grupo Mixto: a concelleira de AEC María Eva García Amor considera que a autoestrada xa leva recadado abondo dos cidadáns para que ademais goce de beneficios a hora de pagar impostos, deben pagar o IBI na totalidade, na ordenanza municipal art. 2.3 xa está establecido o tipo de gravame no 1,3 votará a favor.

Polo grupo Popular: o voceiro Manuel González López opina que non procedía traer a pleno esta proposta xa que existe ordenanza reguladora do IBI que recolle o cobro a autoestradas cando remate o período de bonificación do 95%, está regulado que nas construcións de características especiais a cota será do 1,3 %, recorda que este concello foi un dos que recorreu esa bonificación a autoestrada Ap-9 en coordinación co equipo xurídico da Deputación Provincial e inda que houbo xulgados que en primeira instancia deron a razón aos concellos cando chegou ao TS perdeuse too o terreo avanzado.

O concelleiro de PDDdG no grupo Mixto, Xosé Manuel Pérez Sardiña apoia esta proposta, estas bonificacións das que gozaron as autoestradas de peaxe non deberían ter lugar, desde o concello o único que se pode facer e protestar e esperar que o Estado estableza que paguen coma todos, sinala tamén que a última das parcelas da autoestrada en Cabanas non se sabe si ten referencia catastral, hai que mirar este asunto.

O Sr. González López reitera que a ordenanza está preparada para cando remate o período de bonificación polo que non aprecia motivos para esta proposta, o voto será favorable porque están interesados en aplicar esta ordenanza.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda aprobar a referida proposta.

4.- DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA. PROPOSTA CONCELLEIRO DE PDDdG. Vista a proposta do concelleiro de PDDdG sobre o día 8 de marzo, Día Internacional da Muller, modificada segundo o acordado na Comisión de Asuntos do Pleno do 23 de marzo de 2017, en cuxa exposición de motivos alúdese a data de orixe no 8 de marzo de 1857 cando as obreiras téxtiles realizaron unha folga e manifestación en Nova York, logo a reclamación da xornada de 8 horas o 8 de marzo de 1908, a proposta no 8 de marzo de 1910 para que tódolos anos se realizase unha manifestación internacional unificada polos dereitos e liberdade da muller, ata que en 1952 a ONU estableceu o 8 de marzo como Día Internacional da Muller e declarou 1975 “Año Internacional da Muller”, fai referencia tamén a incendios en fábricas téxtiles que produciron moitas mortes e as condicións de traballo que aínda sofren as mulleres, así como a opresión por estar sometida a explotación como traballadora, como coidadora e como muller.

Por todo elo, propónse ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

1. Fomentar a conciliación laboral e familiar das traballadoras que residen no noso concello e do persoal municipal.
2. Incluír cláusulas de contratación semellantes ás das subvencións da Deputación da Coruña e da Xunta que establezan unha valoración positiva na selección para contratar traballadoras.
3. Programar actividades durante todo o ano para os centros escolares e para as entidades



asociativas locais co obxectivo de lograr a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira alude ao acordado na Comisión de Asuntos do Pleno onde se tivo en conta a proposta do grupo Socialista sobre actuación en todo o concello, a única maneira de evitar que segan ocorrendo estas cousas e a concienciación de que todos somos iguais en oportunidades, dereitos e deberes.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG recorda que hai máis de 100 anos que se estableceu o 8 de marzo como data de referencia na loita pola igualdade e dereitos das mulleres, especialmente no ámbito laboral, a igualdade real é un obxectivo inda lonxe de conquistar, fala do informe do Foro Económico Mundial onde advirte que as mulleres a pesar de traballar máis horas teñen menos salario e se estanca a participación no mundo laboral, a crise económica e as reformas laborais afondan nesa desigualdade, traballo precario, bolsas de traballo fora da lei, inspección insuficiente, redución do apoio do goberno e situacións de acoso laboral, hai unha parálise de desenvolvemento normativo e neste marco é necesario introducir modificacións e elaborar un novo marco legal que de cabida aos novos retos.

A concelleira de AEC María Eva García Amor considera que a día de hoxe as mulleres teñen menos salario que os homes, só un 22% chegan a postos directivos nas empresas e no mercado laboral atopan moitos atrancos que imposibilitan unha verdadeira igualdade de xénero, tódalas propostas encamiñadas a mitigar estes atrancos serán ben vistas desde AEC.

Polo grupo Popular: a concelleira Esperanza Gayoso Pereiro refírese a institucionalización do día da muller traballadora pola ONU en 1975, conmemora a loita da muller pola participación en igualdade na sociedade, a primeira celebración tivo lugar o 19 de marzo de 1911 en Alemania, Austria, Dinamarca e Suíza, e en 1977 a ONU convidou a todos os Estados a declarar, conforme ás súas tradicións históricas e costumes nacionais, un día como o Día Internacional polos dereitos da muller. Cabanas sempre foi un concello comprometido coa promoción da conciliación e da igualdade con diversas accións en marcha: celebración do día da muller traballadora, programa de promoción da igualdade, adhesión á Rede de Entidades Locais conta a violencia de xénero con dous eixos de acción: área de sensibilización e prevención e área de promoción da conciliación; fai mención dos distintos programas que se están a desenvolver e que en tódalas accións se traballa de forma transversal a promoción da igualdade de xénero, tanto a través da modelaxe do monitorado como de accións de promoción da sensibilización específicas, e despois da modificación na comisión de asuntos do pleno non teñen inconveniente en votar a favor.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda aprobar a referida proposta.

5.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓNS ALCALDÍA,

A continuación dáse conta das seguintes resolucións da Alcaldía para a súa ratificación polo Pleno da Corporación.

A) SOLICITUDE SUBVENCIÓN MELLORA INFRAESTRUTURA PARQUES EMPRESARIAIS CONCELLOS DE CABANAS-FENE: MELLORA INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO POLÍGONO DE VILAR DO COLO.



RESOLUCIÓN. Solicitud de subvención para mellora de infraestruturas dos parques empresariais.

Vista a ORDE do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e a mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN519B)

Visto o anteproxecto “Mellora de infraestruturas viarias no polígono industrial Vilar do Colo”; redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Francisco Barea Paz de marzo de 2017 cun orzamento total de 127.587,90 euros.

Visto o convenio de colaboración da agrupación dos Concellos de Cabanas e Fene de data 20.03.2017

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente,

RESOLVO:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración da agrupación dos Concellos de Cabanas e Fene para a execución do anteproxecto “Mellora de infraestruturas viarias no polígono industrial Vilar do Colo”; de data 20.03.2017, que literalmente di:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN DA AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CABANAS E FENE PARA A EXECUCIÓN DO ANTEPROXECTO “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO POLIGONO INDUSTRIAL VILAR DO COLO”

REUNIDOS

Dunha parte, o alcalde do Concello de Fene, D. Juventino José Trigo Rey, con NIF 76404053P, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o alcalde do Concello de Cabanas, D. Germán Castrillón Permy, con NIF 32626020Z, en nome e representación do referido concello.

EXPOÑEN

Vista a ORDE do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e a mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN519B)

Tendo en conta que as bases recollidas na orde anteriormente citada prevén expresamente que as solicitudes poderanse presentar conxuntamente baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar), aos efectos do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Visto o anteproxecto “Mellora de infraestruturas viarias no polígono industrial Vilar do Colo”; redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Francisco Barea Paz de marzo de 2017 cun orzamento total de 127.587,90 euros.

ACORDAN

1º. - Formar a efectos da solicitude de subvención ó amparo da citada Resolución do 27 de Xaneiro do 2017 de Consellería de Economía, Emprego e Industria unha agrupación dos concellos de Cabanas e Fene, concellos limítrofes, e con parque empresarial no termo municipal de ambos municipios, co fin de colaborar na xestión compartida dunha actuación de MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO POLIGONO INDUSTRIAL VILAR DO COLO, sendo o ámbito territorial da xestión ó dos municipios agrupados, de Cabanas e Fene.



2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución de 27 de Xaneiro de 2017 de Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2017 a concellos de Galicia na liña en concorrencia competitiva das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Comprometerse á execución da actividade segundo a porcentaxe da subvención.

4º.- Comprometerse a manter a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.

5º.- Establecer os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios en base o artigo 8.3 da Lei 9/2007.

6º.- Os concellos da agrupación comprométese ás seguintes aportacións: o concello de Cabanas comprométese a aportar un 77,02% e o concello de Fene aportará un 22,98% da parte económica. O orzamento total do proxecto ascende á cantidade de cento vinte e sete mil cincocentos oitenta e sete euros con noventa céntimos (127.587,90 €), polo que o importe da subvención para a agrupación será de cento vinte e un mil douscentos oito euros con cincuenta céntimos (121.208,50 €) que corresponde ao 95% do orzamento total do proxecto. Do orzamento subvencionado corresponden acada concello as seguintes cantidades: noventa e tres mil trescentos cincuenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (93.354,55 €) ao concello de Cabanas, e a cantidade de vinte e sete mil oitocentos cincuenta e tres euros con noventa e cinco céntimos (27.853,95 €) ao concello de Fene. A aportación municipal de cada concello para completar a totalidade do proxecto serán as seguintes: catro mil novecentos trece euros con corenta céntimos (4.913,40 €) para concello de Cabanas e mil catrocentos sesenta e seis euros (1.466,00 €) para o concello de Fene.

Ademais, ambos concellos colaborarán activamente na execución do proxecto aportando medios técnicos organizativos e persoais para a correcta execución da obra.

7º.- Designar a D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde do Concello de Cabanas, representante da agrupación con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como beneficiario corresponde á agrupación para a xestión compartida entre os concellos de Cabanas e Fene segundo os requisitos recollidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007.

8º.- D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde do Concello de Cabanas actuará como coordinador, interlocutor, preceptor e xustificador da axuda solicitada, segundo os requisitos recollidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007.

9º.- Designar ao Concello de Cabanas como órgano de contratación e preceptor por parte da Consellería do pagamento da subvención. En todo caso, con carácter previo ao inicio do expediente de contratación, o Concello de Fene deberá achegar certificado da existencia de crédito adecuado e suficiente polo importe correspondente á súa aportación. Unha vez rematada a obra o concello de Cabanas achegará ao Concello de Fene unha copia da certificación final da obra debidamente asinada polo director da obra así como a acta de recepción (asinada polos representantes dos dous concellos), aos efectos de que o concello de Fene proceda a efectuar o pagamento da súa achega

O Concello de Fene reservarase a posibilidade de enviar ós seus técnicos municipais aos efectos de comprobar a correcta execución da obra.



10º.- Solicitar, ao abeiro da devandita Orde, unha subvención para acometer en conxunto a actuación “Mellora de infraestruturas viarias no polígono industrial Vilar do Colo” e aceptar que o concello solicitante da subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia sexa o Concello de Cabanas.

As partes manifestan a súa conformidade, asinando o presente acordo no lugar e data anteriormente expresados

Fene, 20 de marzo do 2017

O alcalde de Fene

O alcalde de Cabanas

Juventino José Trigo Rey Germán Castrillón Permuy”

2º. O presente convenio quedará suxeito á dotación de consignación orzamentaria suficiente nos termos da resolución de concesión da subvención, así como dar conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte de marzo de dous mil dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)

B) SOLICITUDE SUBVENCIÓN MELLORA INFRAESTRUTURA PARQUES EMPRESARIAIS CONCELLOS DE CABANAS-FENE: MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMADO PÚBLICO DO POLÍGONO DE VILAR DO COLO.

RESOLUCIÓN. Solicitud subvención para mellora de infraestruturas dos parques empresariais.

Vista a ORDE do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e a mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN519B)

Visto o anteproxecto “Mellora de eficiencia enerxética no alumado público do polígono de Vilar do Colo” redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Pablo Xosé Pouso Iglesias de marzo de 2017 cun orzamento total de 57.705,87 euros.

Visto o convenio de colaboración da agrupación dos Concellos de Cabanas e Fene de data 20.03.2017.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración da agrupación dos Concellos de Cabanas e Fene para a execución do anteproxecto “Mellora de eficiencia enerxética no alumado público do polígono de Vilar do Colo” de data 20.03.2017, que literalmente di:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN DA AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CABANAS E FENE PARA A EXECUCIÓN DO ANTEPROXECTO “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMADO PÚBLICO DO POLÍGONO DE VILAR DO COLO”

REUNIDOS

Dunha parte, o alcalde do Concello de Fene, D. Juventino José Trigo Rey, con NIF 76404053P, en nome e representación do referido concello.



CONCELLO DE CABANAS

Doutra parte, o alcalde do Concello de Cabanas, D. Germán Castrillón Permuy, con NIF 32626020Z en nome e representación do referido concello.

EXPOÑEN

Vista a ORDE do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e a mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN519B)

Tendo en conta que as bases recollidas na orde anteriormente citada prevén expresamente que as solicitudes poderanse presentar conxuntamente baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar), aos efectos do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Visto o anteproxecto “Mellora de eficiencia enerxética no alumado público do polígono de Vilar do Colo”; redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Pablo Xosé Pouso Iglesias de marzo de 2017 cun orzamento total de 57.705,87 euros.

ACORDAN

1º.- Formar a efectos da solicitude de subvención ó amparo da citada Resolución do 27 de Xaneiro do 2017 de Consellería de Economía, Emprego e Industria unha agrupación dos concellos de Cabanas e Fene, concellos limítrofes, e con parque empresarial no termo municipal de ambos municipios, co fin de colaborar na xestión compartida dunha actuación de mellora da eficiencia enerxética no alumado público do parque empresarial, sendo o ámbito territorial da xestión o dos municipios agrupados de Cabanas e Fene.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución de 27 de Xaneiro de 2017 de Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria para o ano 2017 das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Comprometerse á execución da actuación segundo a porcentaxe da subvención.

4º.- Comprometerse a manter a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.

5º.- Establecer os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios en base o artigo 8.3 da Lei 9/2007.

6º.- Os concellos da agrupación comprométense ás seguintes aportacións: o concello de Cabanas comprométese a aportar un 27,63% e o concello de Fene aportará un 72,37% da parte económica. O orzamento total do proxecto ascende á cantidade de cincuenta e sete mil setecentos cinco euros con oitenta e sete céntimos (57.705,87 €), polo que o importe da subvención para a agrupación será de cincuenta e catro mil oitocentos vinte euros con cincuenta e oito céntimos (54.820,58 €) que corresponde ao 95% do orzamento total do proxecto.

Do orzamento subvencionado corresponden a cada concello as seguintes cantidades: quince mil cento corenta e seis euros con noventa e tres céntimos (15.146,93 €) ao concello de Cabanas, e a cantidade de trinta e nove mil seiscentos setenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos (39.673,65 €) ao concello de Fene.



A aportación municipal de cada concello para completar a totalidade do proxecto serán as seguintes: setecentos noventa e sete euros con vinte e un céntimos (797,21 €) para concello de Cabanas e dous mil oitenta e oito euros con oito céntimos (2.088,08€) para o concello de Fene.

Ademais, ambos concellos colaborarán activamente na execución do proxecto aportando medios técnicos, organizativos e persoais para a correcta execución da obra.

7º.- Designar a D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde do Concello de Cabanas, representante da agrupación con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como beneficiario corresponde á agrupación para a xestión compartida entre os concellos de Cabanas e Fene segundo os requisitos recollidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007.

8º.- D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde do Concello de Cabanas actuará como coordinador, interlocutor, preceptor e xustificador da axuda solicitada, segundo os requisitos recollidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007.

9º.- Designar ao Concello de Cabanas como órgano de contratación e perceptor por parte da Consellería do pagamento da subvención. En todo caso, con carácter previo ao inicio do expediente de contratación, o Concello de Fene deberá achegar certificado da existencia de crédito adecuado e suficiente polo importe correspondente á súa aportación. Unha vez rematada a obra o concello de Cabanas achegará ao Concello de Fene unha copia da certificación final da obra debidamente asinada polo director da obra así como a acta de recepción (asinada polos representantes dos dous concellos), aos efectos de que o concello de Fene proceda a efectuar o pagamento da súa achega.

O Concello de Fene reservarase a posibilidade de enviar ós seus técnicos municipais aos efectos de comprobar a correcta execución da obra.

10º.- Solicitar, ao abeiro da devandita Orde, unha subvención para acometer en conxunto a actuación “Mellora de eficiencia enerxética no alumeadado público do polígono de Vilar do Colo” e aceptar que o concello solicitante da subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia sexa o Concello de Cabanas.

As partes manifestan a súa conformidade, asinando o presente acordo no lugar e data anteriormente expresados

Fene, 20 de marzo do 2017

O alcalde de Fene

O alcalde de Cabanas

Juventino José Trigo Rey Germán Castrillón Permuy”

2º. O presente convenio quedará suxeito á dotación de consignación orzamentaria suficiente nos termos da Resolución da concesión da subvención, así como a súa ratificación polo Pleno da Corporación.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte de marzo de dous mil dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)

C) SOLICITUDE CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL COFINANCIAMENTO
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

RESOLUCIÓN. Solicitud de cofinanciamento servizos sociais comunitarios.



Visto o Decreto 99/2012, do 16 marzo, da Xunta de Galicia, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (D.O.G. nº 63, do 30 de marzo de 2012), así como o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais para 2017.

De conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

1º.- Solicitar á Consellería de Política Social, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2º. Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 166.240,09 euros, co seguinte detalle:

- Persoal: 16.815,00 euros.

- Mantemento: 0,00 euros.

- Axuda no fogar:

* Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00 euros.

* Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 139.425,09 euros.

- Xestión de programas: 10.000,00 euros.

- Investimento: 0,00 euros.

3º. Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

4º. Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2017 na contía de 221.249,91 euros, que supón unha porcentaxe do 57,10% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º. Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para a súa ratificación.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte e tres de marzo de dous mil dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)

D) SOLICITUDE DEPUTACIÓN PROVINCIAL PROGRAMA FINANCIAMENTO
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

RESOLUCIÓN. Solicitude subvención servizos sociais comunitarios.

Vista a convocatoria da Deputación Provincial do programa dirixido a concellos e outras entidades locais para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2017, publicada no BOP nº39, do 24 de febreiro de 2017, así como a memoria para participar no devandito programa.

De conformidade coas atribucións outorgadas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,



RESOLVO:

1º. Que coñece e acepta as bases da convocatoria do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2017, e os compromisos que nela se inclúen.

2º. Adherirse ao programa de servizos sociais comunitarios da Deputación da Coruña para o 2017, de acordo coas contías xerais previstas na base 12 do programa e co financiamento que se indica no cadro de orzamento e financiamento previstos que se achega xunto a solicitude.

3º. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxecto do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

4º. Aceptar todos os compromisos e obrigas recollidos nas bases do programa.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte e catro de marzo de dous mil dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)

Despois de vistas as anteriores resolucións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen acorda ratificar as mencionadas resolucións da Alcaldía 138/2017, 139/2017, 146/2017 e 153/2017.

PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

6.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde a número 076 do 20 de febreiro de 2017 ata a 156 do 24 de marzo de 2017.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

a) Preguntas orais.

a.1. Grupo Socialista: Intervención do voceiro Delfín Feal Pereira.

a.1.1. Están asistindo por parte dos traballadores do Concello aos cursos de formación que están ofertados pola Escola Galega de Administración Pública, hai cursos interesantes que deberían asistir?

Resposta Alcalde: hai dúas solicitudes de urbanismo por parte de aparelladora e arquitecto, desde o concello se esta a dar liberdade para asistencia, incluso algún curso en horario de traballo, sempre que sexan para mellorar e prepararse estamos de acordo.

Intervención da concelleira Concepción Rodríguez Ferreiro.

a.1.2. A concellería de turismo promove con locais hostaleiros do concello a iniciativa tapeando Cabanas, desde o 17 de marzo ata o 9 de abril, houbo algún interese por parte desta concellería en animar algún establecemento a que ofertase un pincho sen glute?

Resposta concelleira delegada Esperanza Gayoso Pereiro: si, tamén valoramos o de poñer unha carta de alérgenos, ao final cada establecemento di que a carta é obrigatoria e que o consumidor sabe si pode ser ou non ser apto.

a.1.3. Rogo. Que se revise a recollida de augas pluviais que van dende a zona do Penso as Escavadas, está atascado en moitas zonas.

Resposta Alcalde: tómase nota e revisarase.



a.2. Intervención do concelleiro do BNG Iago Varela Martínez.

a.2.1. Estes días houbo problemas co alumado na zona de Chao da Aldea, agora xa está solucionado, pero repetiuse o problema de hai unhas semanas, non sabe si é un problema recorrente ou algo xa solucionado definitivamente?

Resposta Alcalde: entendemos que está solucionado.

A concelleira delegada Eva María García Amor sinala que cada vez que se apaga se da aviso a empresa, vaise informar e no próximo pleno llo aclara.

a.2.2. Dise polo concello que vai a ser o propio Alcalde quen vai repartindo a nova numeración polas casas, desde o BNG gustaría lle saber si é verdade, en caso afirmativo, si o vai facer dentro ou fora das súas 29 horas de traballo semanais e si considera o Sr. Alcalde que non ten nada mellor que facer dentro desas 29 horas que dedica ao concello polas que cobra xenerosamente, que andar repartindo números polas casas?.

Resposta Alcalde: se quere poñermos un GPS para control, as 29 horas son triplicadas, non sabe de onde saíu a noticia, vaise encargar un proxecto para numeración, haberá que debater e acordar si se vai encargar a colocación a unha empresa ou si se lles entrega aos veciños para que os coloquen eles, está sen decidir, está encargado o proxecto e vai a vir coas dúas opcións, o Alcalde si ten que ir fora de hora ou nas súas hora irá, o importante e resolver o problema que hai no concello de Cabanas desde hai moitos anos.

a.2.3. Rogo. Que o Alcalde teña en conta que non ten nada que dicir como os grupos municipais defenden as súas propostas, en referencia a defensa da súa moción, roga que a próxima vez teña educación e permítalle no uso da súa palabra que lle ampara a lexislación, facer a defensa que o seu grupo considere sobre unha proposta que presenta o BNG.

Resposta Alcalde: en relación co rogo, vostede presenta un documento por rexistro para traer a pleno, ten que facer a presentación desde documento tal como está, na súa quenda pode expresarse como queira, sempre que respecte aos presentes.

a.3. Intervención do concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña.

a.3.1. Sobre a situación das obras de demolición do edificio O Penso, xa hai a certificación final de obra?, están pagadas as indemnizacións?, xa están pagados os gastos de realoxo?

Resposta Alcalde: inda non hai certificación final de obra, estamos en trámite de pagar as indemnizacións e os gastos, cando se incorporen os remanentes pagarase todo iso.

A continuación prodúcese un debate entre a Presidencia e o concelleiro, xa que a Presidencia interpretaba que eran tres preguntas mentres que o concelleiro sostiña que se trata dunha sola, é unha oración gramatical.

a.3.2. O goberno local dedícase ao control político dos pais e nais do CEIP Eladía Mariño, xa que recibiron chamadas para preguntar quen lle dixo a Sardiña o problema de matrícula no Fragas, o Alcalde pódelle concretar que membro do seu goberno ordena o control político sobre os pais e nais do CEIP Eladía Mariño e que medidas vai adoptar a vista desta pregunta?

Resposta Alcalde: cree que aquí non hai ningún control, o Alcalde non sabe nada diso.

A concelleira delegada de educación Esperanza Gayoso Pereiro di que está mal informado, non corresponde a realidade en absoluto.

a.3.3. Que medidas adoptou o Concello en relación coa casa de Xan Ares, hai algunha novidade?.



Resposta Alcalde: si mandouse comunicado aos catro propietarios que temos localizados conforme teñen que tomar medidas polo estado do edificio.

a.3.4. Oranxe España iniciou obras que afectan a N-651 e a Demarcación de Carreteras do Estado requiriu informe ao Concello, en que consisten estas obras e cal foi o motivo polo que Carreteras solicitou o informe?

Resposta Alcalde: non sabe, terá que mirar que pasou.

b) Preguntas por escrito.

b.1. Preguntas presentadas polo concelleiro do BNG Iago Varela Martínez en escritos de data 28 de marzo de 2017.

b.1.1. O pasado luns 21 de marzo tivo lugar en Ferrol unha xuntanza con representantes dos concellos polos que pasa o eixo ferroviario Ferrol- A Coruña, co obxectivo de facer unha fronte común e demandar melloras no servizo.

A esta reunión de traballo acudiron representantes de todos os concellos afectados agás Cabanas.

Ante esta situación, desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes cuestións-

- Por que non acudiu o alcalde a dita xuntanza?
- Por que non enviou a ninguén no seu lugar?
- Significa a súa ausencia que o alcalde e o goberno municipal están conformes coa situación do servizo ferroviario da liña Ferrol-A Coruña?
- Ten constancia o alcalde dos acordos de dita xuntanza? Ten previsto suscribilos?
- Que pon diante o alcalde, os intereses do seu partido ou os de Cabanas e a súa veciñanza?

Resposta Alcalde: Esta pregunta foi contestada na Comisión de Asuntos do Pleno, non foi invitado, houbo máis concellos que non foron invitados e xa nos presentaron disculpas por erro na convocatoria.

Ninguén nos convocou, hoxe xa chegou o acordo, a declaración institucional que se acordou ese día.

Lles está entregando o que chegou hoxe, é un asunto que debemos traer a pleno e debatelos, pola súa parte non hai problema, ao mellor hai algo que dicir sobre Cabanas.

b.2. Preguntas presentadas polo concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña en escrito de data 28 de marzo de 2017.

b.2.1. En anteriores sesións propuxen a creación de prazas de aparcadoiro reservadas para persoas con diversidade funcional na zona comercial do Areal. Realizou o goberno algún estudo para colocar unha praza por cada corenta aparcamentos tal e como establece a lei? En que lugares concretos valoran situar as prazas de aparcamento reservadas para persoas discapacitadas? Cando vai sinalizar estas reservas?

Resposta Alcalde: una xa está sinalizada que é o aparcamento que está ao lado da oficina de turismo.

b-2-2. A alcaldía de Cabanas recibiu providencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia onde se require o outorgamento de licenza municipal para executar a sentenza da primeira fase do edificio O Penso, as obras contratadas e inda non rematadas segundo plenos anteriores polo goberno local.



Cales son os motivos reais polos que o concello de Cabanas nega a licenza de obra anulada polos Tribunais de Xustiza e incumpre a sentenza do Tribunal Supremo?

Resposta Alcalde: eu non teño coñecemento desa providencia, pero como di vostede xa lle contestei noutros plenos, e creo que non a entendeu, o concello para asfaltar una estrada necesita licenza?, para facer un saneamento necesita licenza? . Xa lle acabo de contestar haber si así o entende.

b.2.3. No pleno do 30 de setembro de 2015 a Corporación aprobou a moción da marea local sobre transparencia municipal onde se debería ter tramitado unha ordenanza de transparencia, colgar na web as contas xerais e as retribucións, asistencias e indemnizacións percibidas polo alcalde e o edís. Pasado ano e medio da súa aprobación pensa o goberno local cumprir este acordo plenario? Ou igual non interesa ser transparente polo tema das asistencias ou por informes do PXOM que son desfavorables e logo serven para responder alegacións con enganoso?

Resposta Alcalde: non é un problema noso o da transparencia, posiblemente lle preocupe máis a vostede cando ten que exercer a transparencia, estase traballando para procurar cumprir a normativa e os acordos do pleno.

b.2.4. Os veciños teñen que pagar imposto de IVTM ó concello para circular por camiños terciarmundistas. Na "Travesía da Costa" na parroquia de Porto hai uns baches que dificultan pasar co coche e expoñerse a pinchar unha roda. Ten previsto o goberno local pavimentar este camiño?

Resposta Alcalde: si hai un bache repárase, creo que visita pouco os camiños do concello, encontrar un bache e dicir que temos camiños terciarmundistas e faltar a verdade.

b.2.5. No rúeiro municipal non aparece reflectido o camiño vello de titularidade municipal. Tampouco aparece a rúa que baixa desde o Centro de Saúde dando entrada a varias casas e ao terreo urbanizable do Sareb. O camiño de Socasal tampouco aparece. Ten pensado o concello publicar no BOP a aprobación definitiva deste rúeiro? Non sería mellor inventariar camiños antes de nomealos? Era o equipo redactor do Plan o persoal máis adecuado para facer este traballo? A quen lle preguntaron polos camiños e polos rúeiros?

Resposta Alcalde: vostede foi coñecedor do proxecto e tivo oportunidade de facer suxestións e alegacións, agora ven dicindo que está mal, pois tiña a mesma obriga de informarse se viña algo mal cando se fixo, hai que recordarlle que parte do inventario de camiños se fixo cando vostede gobernaba neste concello, vaise a publicar definitivamente e contratouse a mellor oferta.

b.2.6. Actualmente o concello está tramitando a rectificación do deslinde para aumentar a superficie edificable das tres sociedades que asinaron os convenios, así mesmo o concello obtén superficie cualificada como solo rústico de protección de costas. Está de acordo o alcalde en levantar alturas e ampliar volumes a menos de 500 metros do mar cando está prohibido pola Lei de Costas?

Resposta Alcalde: nesta pregunta falta a verdade, o alcalde non está nin a favor nin en contra, cumprirá coas normas urbanísticas e a lei de Costas.

b.2.7. O concello prevé no PXOM dotar de aparcamento o solo de dominio público cualificado como zona verde. Na memoria ambiental da Xunta determínase que estas zoas verdes están pensadas para esparaxamento dos veciños/as e para creación dun espazo de calidade. Ten intención o goberno local de coidar as zonas verdes e atender as directrices da Xunta que vai ser a que aprobe definitivamente o plan?

Resposta Alcalde: o concello participou no programa de emprego de Eume Emprende II



agrupado cos concellos de Monfero e Pontedeume onde tiñamos 20 alumnos para a limpeza e coidado de espazos verdes entre outros, polo tano o concello está comprometido cos espazos verdes.

b.2.8. Debido á falta de iluminación estanse a producir roubos e accidentes pola desidia do concello. Pode explicar o alcalde as características técnicas da iluminación na travesía do Areal (lumenes e watos que consumen) e se cumpre a normativa de iluminación de vías públicas?

Resposta Alcalde: solicitará información sobre iso.

b.2.9. Sabe o alcalde que noutros concellos colócase alumeado led en zonas urbanas e en especial nas prazas e rotondas que é onde hai maior necesidade por seguridade? Que criterios están a aplicar en Cabanas?

Resposta Alcalde: sabe que Cabanas fixo unha auditoría dirixida por unha persoa que estivo de concelleiro con vostede, do seu grupo, a partir de aí actúase nas zonas recomendadas por esa auditoría, e sobre luminarias led están funcionando desde hai dous anos.

b.2.10. Sobre a nefasta xestión da praga da pataca e a sucesión de improvisacións derivadas claramente de decisións políticas equivocadas agora a Xunta di que os concellos colaborarán na recollida de pataca plantada. O goberno local pode aclarar como vai facer fronte á recollida de pataca plantada? Como vai colaborar coa Xunta? Isto é competencia local?

Resposta Alcalde: unha vez máis intenta confundir afirmando cousas que non son reais, este Concello está comprometido na colaboración e información aos veciños e veciñas de Cabanas, ese é o compromiso do Concello.

b.2.11. A xestión do piñeiral e a súa deterioración vense agravando co goberno do Partido Popular nos últimos anos. Piñeiros centenarios e en perfectas condicións son cortados con escusas sen fundamento á vista da protección total que recollen as Normas Subsidiarias Municipais. O goberno local pode concretar cantos piñeiros caeron cos últimos temporais e por que tardou tanto en retiralos? Cantos piñeiros cortou desde o último pleno para celebrar o mes da árbore? Cal é o motivo de arrincar couces en fin de semana?

Resposta Alcalde: vostede visita pouco o piñeiral, afirmar que a situación se ven agravando desde que está o partido popular estou por gravarlle un video para que vexa como está, si vostede sabe tanto xa non é necesario que lle diga cantos caeron porque seguro que xa os contou, que foi a ver e contalos foi un técnico, e dígame conto cree que é moito tempo para retiralos, a que lle chama moi tempo, o sábado non se pode traballar.

b.2.12. Rogo. Á vista de que hai ano e medio o Pleno aprobou unha proposta sobre transparencia municipal da marea local sen que a día de hoxe e pese a ter unha asesoría en informática que cobrou en 2016 17.000 € sen facer nada do acordado a pesar de ter que cumprir a lei. Polo tanto, suxerímoslle ao goberno local que cumpra os puntos da proposta de Somos Cabanas e tramite a ordenanza de transparencia.

Resposta Alcalde: creo que a estamos cumprindo dentro das nosas posibilidades, e dos 17.000 euros quédanse en 11.000 que é a cifra que se gastou.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e quince minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde

O Secretario